**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.





## Concello de Viveiro

**QUINTO.-** Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

### EXPTE.-7577/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 7577/2024 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Andrés, Cadro: 6, FILA: A, Número: 1,2,3 e 4**, que figura no título concesional a nome de Don José Antonio Chao Basanta, por transmisión Mortis Causa a favor do seu fillo don Francisco José Chao Grandío.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Andrés, Cadro: 6, FILA: A, Número: 1,2,3 e 4**, que figura no título concesional a nome de don José Antonio Chao Basanta, pasando a ser titularidade do seu fillo Don Francisco José Chao Basanta.

**SEGUNDO.** Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 01/08/1996), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 01/08/2021, o da 2ª renovación o **01/08/2046**, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data **01/08/2046**.

**O concesionario ten a obriga de solicitar a próxima renovación con tres meses de antelación a data de renovación 01/08/2046.**

**TERCEIRO.** Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**QUINTO.** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

**SEXTO.-** Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

### EXPTE.- 7578/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 7578/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Germán, Cadro: 1, FILA: 32, Número:2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Dona Aurelia Fernández López.



## Concello de Viveiro

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa** de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos sitos no GRUPO:San Germán , CADRO: 1, FILA:32, NÚMERO: 2-3-4, **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da 1ª **renovación** do seu título concesional que é o **05/11/2016, polo que este prazo corresponde a 2ª renovación que rematará o 05/11/2041.**

**O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 05/11/2041.**

**SEGUNDO.-** Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

**QUINTO.-** Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

### EXPTE.- 7619/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 7619/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Pedro, Cadro: 7, FILA: A, Número:1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Dona Saleta Balseiro Piñeiro .

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa** de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos sitos no GRUPO:San Pedro , CADRO: 7, FILA:A, NÚMERO: 1-2-3-4, **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de concesión do seu título concesional **06/02/2014, polo que este prazo corresponde a 1ª renovación que rematará o 06/02/2039.**

**O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 06/02/2039.**

**SEGUNDO.-** Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.



## Concello de Viveiro

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

**QUINTO.-** Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

### EXPTE.- 7637/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 7637/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: 1, Cadro: 0, FILA: 17, Número:1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Dona María Azucena Parapar Cora.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa** de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos **sitos no GRUPO:1, CADRO: 0, FILA:17, NÚMERO: 1-2-3-4, por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da 2ª **renovación** do seu título concesional que é o **28/09/2024, polo que este prazo corresponde a 3ª renovación que rematará o 28/09/2049.**

**O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 28/09/2049.**

**SEGUNDO.-** Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

**QUINTO.-** Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal

### EXPTE.- 7792/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 7792/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Andrés, Cadro: 4, FILA: D, Número:1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Don Antonio Alonso Docal.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.



## Concello de Viveiro

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa** de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos sitios no GRUPO:San Andrés , CADRO: 4, FILA:D, NÚMERO: 1-2-3-4, **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da 1ª **renovación** do seu título concesional que é o **01/08/2021, polo que este prazo corresponde a 2ª renovación que rematará o 01/08/2046.**

**O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 01/08/2046.**

**SEGUNDO.-** Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

**QUINTO.-** Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

### EXPTE.-7795/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 7795/2024 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Germán, Cadro: 1, FILA: 14, Número: 1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Don José Rego Rodríguez, por transmisión Mortis Causa a favor da súa filla dona María Ana Delia Rego García.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario do **nicho sito no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Germán, Cadro: 1, FILA: 14, Número: 1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de don José Rego García, pasando a ser titularidade da súa filla Dona María Ana Delia Rego García.

**SEGUNDO.** Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 02/12/1991), debendo solicitarse



## Concello de Viveiro

a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 02/12/2016, o da 2ª renovación o **02/12/2041**, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data **02/12/2041**.

**O concesionario ten a obriga de solicitar a próxima renovación con tres meses de antelación a data de renovación 02/12/2041.**

**TERCEIRO.** Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**QUINTO.** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

**SEXTO.-** Deberá procederse ao requerimento , no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

### **EXPTE.-7803/2024**

Resultando que se está tramitando o expediente número 7803/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Andrés, Cadro: 8, FILA: D, Número:1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Don José Luis Pérez Vázquez.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa** de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos sitios no GRUPO:San Andrés , CADRO: 8, FILA:D, NÚMERO: 1-2-3-4, **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da 1ª **renovación** do seu título concesional que é o **01/08/2021, polo que este prazo corresponde a 2ª renovación que rematará o 01/08/2046.**

**O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 01/08/2046.**

**SEGUNDO.-** Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

**QUINTO.-** Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.





## Concello de Viveiro

### EXPTE.-7805/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 7805/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: Santa Ana, Cadro: 3, FILA: D, Número:1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Don Antonio Iglesias Díaz.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa** de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos sitios no GRUPO:Santa Ana , CADRO: 3, FILA:D, NÚMERO: 1-2-3-4, **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da 1ª **renovación** do seu título concesional que é o **21/09/2012, polo que este prazo corresponde a 2ª renovación que rematará o 21/09/2037.**

**O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 21/09/2037.**

**SEGUNDO.-** Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

**QUINTO.-** Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

### EXPTE.- 7812/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 7812/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: 1, Cadro: 0, FILA: 27, Número:1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Dona María Dolores Soto Louro.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa** de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos sitios no GRUPO:1 , CADRO: 0, FILA:27, NÚMERO: 1-2-3-4,





## Concello de Viveiro

por un prazo de 25 anos, a contar dende a data de remate da 2ª renovación do seu título concesional que é o 16/12/2024, polo que este prazo corresponde a 3ª renovación que rematará o 16/12/2049.

**O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 16/12/2049.**

**SEGUNDO.-** Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

**QUINTO.-** Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

### 3.- CORRECCIÓN DE ERROS EXPEDIENTES DE CAMBIO DE TITULARIDADE OU RENOVACIÓNS DE CONCESIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL.

#### EXPTE.-968/2024

Visto o acordo adoptado na sesión plenaria celebrada polo Pleno da Corporación en data 7 de marzo de 2024 sobre o cambio de titularidade, por transmisión intervivos, a favor de dona Marta Ricoy Gómez.

Advertindo un erro de feito no citado acordo.

Tendo en conta o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vista a proposta de corrección do erro detectado, no seguinte senso:

Onde di:

“ Resultando que se está tramitando o expediente número 968/2024 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos sitios no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Julián, Cadro: 1, FILA: D, Número: 1,2,3,4,5, que figura no título concesional a nome de Dona Marta Ricoy Gómez, por transmisión intervivos a favor da súa prima dona Marta Ricoy Gómez “.

Debería dicir:

“ Resultando que se está tramitando o expediente número 968/2024 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos sitios no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Julián, Cadro: 1, Fila: D, Números : 1,2,3,4,5, que figura no título concesional a nome de dona Ana María Ricoy Trasancos, por transmisión intervivos a favor da súa prima dona Marta Ricoy Gómez”.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Proceder á corrección do erro de feito detectado, consonte ao artigo 109 LCSP segundo o formulado na proposta.

#### 4.- PROPOSTA PARA O DESLINDE DE PARCELA (EXPTE.- 6944/2024)

Visto o expediente que se está a tramitar para o deslinde de parcela 2065301PJ1326N, situada fronte ao Pazo Grallal, estrada en medio, colindante coa parcela 2065302PJ1326N00002JG, titularidade



## Concello de Viveiro

deste Concello.

Vistos os informes obrantes no expediente.

Vista a proposta de Alcaldía, obrante no expediente, que se transcribe a continuación:

*“En relación co expediente núm.6944/2024 relativo ao deslinde de ben municipal, emito o seguinte informe-proposta de resolución,*

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** *Á vista da petición de deslinde realizada en data 10 de setembro de 2024, con número de rexistro de entrada 2024-E-RE-2800, por D<sup>a</sup>. Elena María Díaz Valverde, en representación de D. Antonio Pérez Vérez, no que, como titular da parcela con referencia catastral 2065301PJ1326N, situada fronte ao Pazo Grallal, estrada en medio, colindante coa parcela 2065302PJ1326N00002JG, titularidade deste Concello,*

**SEGUNDO.** *Á vista dos seguintes antecedentes:*

Documento	Data/Núm.	Observacións
Petición do lindeiro	10/09/2024 10:07 /2024-E-RE-2800	Parcela 2065301PJ1326N
Parcela de titularidade municipal colindante, obxecto de deslinde		Parcela 2065302PJ1326N00002JG
Informe de Secretaría	08/10/2024	
Memoria inicio expte deslinde	25/11/2024	

### LEXISLACIÓN APLICABLE

*A Lexislación aplicable é a seguinte:*

— Os artigos 4.1.d), 22.2 j) e 82 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

— Os artigos 44, 56 a 69 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

— Os artigos 50 a 53 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

— Os artigos 10.3.b) e 204.4º da Lei Hipotecaria, aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946.

— Os artigos 5 e 12 do Regulamento Hipotecario, aprobado por Decreto de 14 de febreiro de 1947.

— O Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo.

— A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) en todo o que non contradiga ao procedemento especial regulado na normativa patrimonial específica.

*Visto canto antecede, e téndose seguido no expediente a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo á súa aprobación polo Pleno do Concello en virtude do artigo 22.2 j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Emítase a seguinte **PROPOSTA ao Pleno da Corporación** para a adopción de acordo:*

**PRIMEIRO.** *Iniciar o expediente de deslinde da parcela descrita nos antecedentes, por considerar xustificada a conveniencia de levar a cabo o mesmo de acordo coas razóns expresadas na Memoria.*



## Concello de Viveiro

**SEGUNDO.** Acordar a apertura dun período de proba por prazo de trinta días hábiles, toda vez que segundo consta na Memoria non consta información suficiente para poder levar a cabo o deslinde das parcelas afectadas, sendo preciso incorporar na tramitación do procedemento diversas probas que permitan determinar as dimensións e situación de cada unha das parcelas afectas polo deslinde.

No referido período de proba, sen prexuízo das probas que poidan propoñerse no mesmo período por parte do solicitante, practícaranse as seguintes probas:

- Requirimento ao solicitante, para que no prazo referido se aporte escritura de 24 de novembro de 1964, da que trae causa a escritura de 3 de decembro de 2018, aportada polo solicitante no expediente 2970/2019.

- Requirimento á AXI da documentación referente á expropiación realizada para a execución da LU-862 na zona obxecto colindante coa parcela a deslindar, ou, no seu caso, á planimetría na que poida constatarse o trazado da vía actual na zona, así como as sucesivas ampliacións nas dimensións da vía.

- Incorporación ao expediente da cartografía catastral do catastro histórico, catastro actual e ortofotos antigas e actuais.

- Requirimento ao Servizo Provincial de Costas da planimetría referente ao deslinde do dominio público marítimo-terrestre na zona.

- Realización de levantamento topográfico da zona obxecto do expediente, co fin de poder corroborar as dimensións e situación de cada unha das parcelas para poder levar a efecto o deslinde.

**TERCEIRO.** Fixar como data na que comezarán os labores do deslinde o día 28 de abril de 2025, ás 9:00 horas. Os traballos de deslinde desenvolveranse na localización das parcelas obxecto de deslinde, sempre que transcorra o prazo de sesenta días desde a publicación do anuncio de deslinde no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.** Notificar o inicio do expediente de deslinde aos donos das parcelas colindantes (segundo titularidade catastral e documental obrante no expediente), e titulares doutros Dereitos Reais que estean constituídos sobre ditas parcelas dos que poida ter constancia o Concello para que presenten as alegacións e probas que estimen pertinentes, como máximo ata vinte días anteriores ao día fixado para o comezo das operacións.

Así mesmo, advertirlles de que non poderá instarse procedemento xudicial con igual pretensión, nin se admitirán interdictos sobre o estado posesorio das leiras, ata que non se levou a cabo o deslinde.

**QUINTO.** Publicar a realización do deslinde en o Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro, con sesenta días de antelación á data sinalada para o inicio dos traballos de deslinde.

**SEXTO.** Designar como prácticos da Corporación, para participar nas operacións de deslinde, a D. Santiago Meitín Míguez, arquitecto de obras e patrimonio do Concello de Viveiro e a D<sup>a</sup>. Irene Fernández Cora, arquitecta técnica municipal, coa colaboración de D. Santiago Silva Rey, capataz de obras municipal e a asistencia técnica da Deputación Provincial de Lugo, coa presenza da Secretaria Municipal en orde á dación da fé das operacións de deslinde practicadas, quedando sometidos ao réxime de abstención e recusación previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SÉTIMO.** Comunicar a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Viveiro aos efectos oportunos."

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Obras no Medio Urbán e Seguridade Cidadá

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal "gestiona" que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:



## Concello de Viveiro

Intervén a Sra. Alcaldesa resumindo a proposta a aprobar. Comenta que no 2019 os propietarios do Pazo Grallal instan ao Concello de Viveiro para a expropiación da parcela ubicada fronte ao pazo, destinada a aparcadoiro. Explica que o Concello inadmitiu esa pretensión en base a unha serie de argumentos xurídicos e os propietarios foron ao contencioso, logo ao TSX de Galiza é logo á sala da casación TSX Galicia, sendo desestimada xudicialmente a súa pretensión. Agora o propietario insta ao Concello a facer o deslinde desa parcela, sen prexuízo de que con posterioridade poida valorarse e negociarse un posible alugueiro ou outras opcións, pero neste momento o que hai que facer é ese deslinde .

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, indicando que están a favor da proposta e pregunta o motivo polo que non se comprou a parcela no 2019.

Intervén a Sra. Alcaldesa indicando que nese momento non se formulou a venda senón a expropiación e o Concello entendeu que non cabía a expropiación solicitada.

Non existindo mais intervencións nin debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente de deslinde da parcela descrita nos antecedentes, por considerar xustificada a conveniencia de levar a cabo o mesmo de acordo coas razóns expresadas na Memoria.

**SEGUNDO.** Acordar a apertura dun período de proba por prazo de trinta días hábiles, toda vez que segundo consta na Memoria non consta información suficiente para poder levar a cabo o deslinde das parcelas afectadas, sendo preciso incorporar na tramitación do procedemento diversas probas que permitan determinar as dimensións e situación de cada unha das parcelas afectas polo deslinde.

No referido período de proba, sen prexuízo das probas que poidan propoñerse no mesmo período por parte do solicitante, practicaranse as seguintes probas:

- Requirimento ao solicitante, para que no prazo referido se aporte escritura de 24 de novembro de 1964, da que trae causa a escritura de 3 de decembro de 2018, aportada polo solicitante no expediente 2970/2019.
- Requirimento á AXI da documentación referente á expropiación realizada para a execución da LU-862 na zona obxecto colindante coa parcela a deslindar, ou, no seu caso, á planimetría na que poida constatarse o trazado da vía actual na zona, así como as sucesivas ampliacións nas dimensións da vía.
- Incorporación ao expediente da cartografía catastral do catastro histórico, catastro actual e ortofotos antigas e actuais.
- Requirimento ao Servizo Provincial de Costas da planimetría referente ao deslinde do dominio público marítimo-terrestre na zona.
- Realización de levantamento topográfico da zona obxecto do expediente, co fin de poder corroborar as dimensións e situación de cada unha das parcelas para poder levar a efecto o deslinde.

**TERCEIRO.** Fixar como data na que comezarán os labores do deslinde o día 28 de abril de 2025, ás 9:00 horas. Os traballos de deslinde desenvolveranse na localización das parcelas obxecto de deslinde, sempre que transcorra o prazo de sesenta días desde a publicación do anuncio de deslinde no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.** Notificar o inicio do expediente de deslinde aos donos das parcelas colindantes (segundo titularidade catastral e documental obrante no expediente), e titulares doutros Dereitos Reais que estean constituídos sobre ditas parcelas dos que poida ter constancia o Concello para que presenten as alegacións e probas que estimen pertinentes, como máximo ata vinte días anteriores ao día fixado para o comezo das operacións.

Así mesmo, advertirlles de que non poderá instarse procedemento xudicial con igual pretensión, nin se admitirán interdictos sobre o estado posesorio das leiras, ata que non se levou a cabo o deslinde.



## Concello de Viveiro

**QUINTO.** Publicar a realización do deslinde en o Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro, con sesenta días de antelación á data sinalada para o inicio dos traballos de deslinde.

**SEXTO.** Designar como prácticos da Corporación, para participar nas operacións de deslinde, a D. Santiago Meitín Míguez, arquitecto de obras e patrimonio do Concello de Viveiro e a D<sup>a</sup>. Irene Fernández Cora, arquitecta técnica municipal, coa colaboración de D. Santiago Silva Rey, capataz de obras municipal e a asistencia técnica da Deputación Provincial de Lugo, coa presenza da Secretaria Municipal en orde á dación da fé das operacións de deslinde practicadas, quedando sometidos ao réxime de abstención e recusación previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SÉTIMO.** Comunicar a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Viveiro aos efectos oportunos.

### 5.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT (EXPTE.- 2185/2022)

Visto o expediente para a modificación puntual da RPT que se está a tramitar.

Visto os informes obrantes no expediente.

Visto a proposta da alcaldía para a probación inicial da modificación puntual da RPT, que se transcribe a continuación:

*“Visto o expediente que se está a tramitar para a aprobación da modificación puntual da Relación de Postos do Concello de Viveiro.*

*Tendo en conta que a RPT conta cunha natureza claramente diferenciada da Plantilla de Persoal.*

*A Relación de Postos de Traballo é un instrumento técnico de ordenación do persoal e de racionalización das estruturas administrativas de acordo coas necesidades dos servizos, mediante a que se determinan as necesidades de persoal, se definen os requisitos esixidos para o desempeño dos postos e se clasifica cada un deles, determinando as retribucións correspondentes aos mesmos atendendo ao seu contido.*

*Por outra banda, a Plantilla de persoal é un instrumento técnico de natureza orzamentaria, que debe aprobarse anualmente xunto coa aprobación do orzamento. Esta Plantilla comprende as prazas da entidade para dito exercizo, estando vinculadas coa relación de postos da organización, xa que non poderán figurar na Plantilla prazas que non se correspondan con postos da RPT, tal e como se ven entendendo de forma reiterada pola xurisprudencia. Non obstante vense considerando posible que a Plantilla poida ser máis reducida que a RPT, incluíndo a dotación correspondente aos postos realmente necesarios nun determinado exercicio.*

*En consecuencia, a Plantilla deberá conter o reflexo orzamentario das prazas da entidade para cada exercicio, resultando un fiel reflexo da realidade das prazas existentes no Concello. Por ende, unha vez aprobada a modificación puntual da RPT, procede a aprobación ou modificación da Plantilla, no que resulte preciso, que en todo caso deberá incorporar as prazas que se correspondan con postos de traballo existentes e efectivamente desempeñados, en orde a poder realizar os posteriores procesos de selección que resulten precisos para a regularización da situación dos empregados que os veñen desempeñando, cumprindo co preceptuado no artigo 28 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia. Para a realización dos correspondentes procesos de selección debe estarse en todo caso ao disposto no seu momento na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, no que respecta ás taxas de reposición. Debe terse en conta así mesmo que, a tenor do disposto na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia e atendendo á xurisprudencia existente na materia, a Plantilla debe contemplar os postos de traballo existentes na RPT desempeñados por persoal indefinido co obxectivo da súa incorporación nas correspondentes ofertas de emprego público. Así mesmo deberá contemplar as prazas que resulten de obrigado cumprimento conforme á normativa.*

*Resultando que no presente expediente de modificación puntual da RPT consta o documento de*





## Concello de Viveiro

*addenda de modificación puntual, coa xustificación e fundamentación de cada unha das modificacións puntuais que se formulan, recollendo as funcións, clasificación, provisión de demais requisitos para cada un dos postos de nova creación, así como identificación e xustificación das modificacións puntuais propostas ao respecto de postos xa existentes, xustificando que se trata de modificacións de escasa entidade que non inflúen nas condicións retributivas dos postos afectados. Resultando que constan no expediente os correspondentes informes previos e a documentación xustificativa da negociación sindical previa.*

*Esta Alcaldía, eleva ao Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA*

**Primeiro.-** *Aprobar inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Viveiro conforme ao documento de addenda de modificación puntual obrante no expediente e expoñer ao público este acordo durante o prazo de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno, a tenor do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.*

*A aprobación provisional elevarase a definitiva se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno, previa resolución das reclamacións, suxerencias ou alegacións presentadas.*

*Una vez aprobada a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo, no prazo de trinta días, remitirase copia á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma de Galicia. A modificación puntual da Relación de Postos de Traballo publicarase íntegramente no Boletín Oficial da Provincia.”*

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa resumindo e explicando sintetizadamente o punto a tratar. Indica que se formula unha modificación puntual da RPT creándose 3 postos de traballo, un de limpador do colexio de Celeiro, un psicólogo do CIM e outro de Inspector xefe do Corpo da Policía Local, así como a modificación puntual das funcións dos postos afectados pola creación destes postos ou modificacións puntuais e singularizadas nalgúns dos postos existentes. Engade que na addenda de modificación recóllese a xustificación e a fundamentación de cada unha das modificacións que se formulan. Apunta que a motivación é derivada por esixencias normativas e informa que foi negociada pola Mesa Xeral de Negociación coa representación sindical, acadándose acordo por unanimidade. Recorda que tendo en conta a situación excepcional da Policía Local considera axeitado explicar a creación do posto de Inspector Xefe do Corpo da Policía Local, indicando que a lei de Coordinación da Policía Local de Galicia, atendendo ao número de habitantes exige contar coa cobertura dun posto de Inspector, xa existente na RPT. Sinala que a norma autonómica establece a cobertura da Xefatura mediante libre designación, con provisión aberta tanto á policía local como a policía autonómica realizando o nomeamento por libre designación. Explica que agora as funcións de Xefatura da Policía Local están asignadas ao posto de Inspector existente e coa creación do posto de inspector xefe, as funcións da xefatura corresponderán a ese novo posto. Matiza que a creación do posto de Inspector Xefe é a única maneira de poder nomear e cesar ao Xefe da Policía Local mediante libre designación. Alega que aínda que poida ter relación con outros procedementos referentes á situación excepcional da Policía Local, debe entenderse como un proceso individualizado e dentro do marco da modificación que en cada momento poder requirir a Relación de Postos de Traballo. Remata recalando que a lei obriga a contar coa praza de inspector.

Intervén D<sup>a</sup>. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, formulando varias cuestións, tendo en conta que a mais mediática é a da Policía Local. Entende que esta decisión ven derivada do problema que hai na Policía Local na que toda a plantilla está de baixa dende hai un ano e entende que lles falta documentación para emitir un voto





## Concello de Viveiro

---

responsable. Indica que no informe da secretaria no punto 3 apartado b, di que hai que contar con informe de intervención para a modificación da RPT e indica que non o veu en ningún sitio. Apunta que esta modificación suporía un incremento en gasto de persoal de preto de 100.000 €. Indica que se solicitou información sobre o informe informativo elaborado no procedemento da policía local e foi explicado a groso modo, solicitando que en todo caso se lles lera sen facilitar o informe e tampouco se fixo. Engade que sen coñecer cal é o problema, o que entende que sería aclarado polo instrutor no procedemento tramitado, malamente pode saber se a solución á problemática pasa pola creación deste posto ou se habería outras e se trasladou a que o equipo de goberno decidiu. Recalca que deben ter a documentación ao completo, que nestes momentos non teñen, reiterando que a solicitou por escrito e na segunda solicitude non se lle contestou, entendendo que viría coa documentación do pleno pero non foi así. Considera que ten o dereito a ver esa documentación e a obriga de gardar e ser responsable da documentación e entende que sen esa documentación, que é relevante para a toma de decisión, non pode determinar e posicionarse sobre unha concreta solución.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, informando que está a favor da proposta.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, preguntando se se podería votar a modificación por separado, aínda que entende que se trata dunha proposta conxunta, xa que non ten problema na modificación referente aos outros postos mentres que con respecto ao posto de Inspector Xefe coincide coa voceira do grupo do PP no que se refire ao informe do instrutor. Comenta que intúen o problema pero non o saben e tampouco saben as propostas de solución que hai e polo tanto non se pode facer un análise crítico. Indica que parece un parche e unha fuxida para adiante, sendo ao mellor unha fuxida inmediata para outro problema a longo prazo, e polo tanto reiteran a solicitude de ver o informe. Sinala que discrepan do que se dixo que pola lei de protección de datos non poidan ver ese informe e polo tanto van a votar en contra. Engade que a proposta pode ir para adiante axiña no caso de que se facilite ese información e se poida revisar, e se volva a traer a proposta ao vindeiro pleno. Recalca que neste intre non hai información suficiente para emitir voto a favor e polo tanto non se pode valorar o que se trae a pleno.

Intervén a Sra. Alcaldesa indicando que a situación da Policía Local ten varios aspectos e aclara que aquí hai dous procedementos que se están mesturando, por unha parte a modificación da RPT e por outra parte un procedemento reservado dun expediente tramitado no eido da Policía Local. Sinala que a modificación da RPT está avalada por informes de secretaría e o informe do xefe de persoal do Concello atendendo á normativa e con respecto ao gasto para o Concello recorda que a praza de inspector xa estaba na RPT e polo tanto estaba prevista e reitera que a normativa establece que hai que sacala. Aclara que o informe de intervención neste expediente non cabe xa que tan só é a modificación da RPT e solicitarase no momento que se convoque a praza. Recorda que na comisión informativa pediuse a documentación pero aclara que por parte da Alcaldía non hai potestade para poder facilitalo, dado que os xurídicos consideran que se trata dun informe reservado nun procedemento aberto que non está pechado, pedindo que se entenda. Reitera que a modificación da RPT ven avalada por informes dos técnicos municipais, contando incluso co aval dun informe da Universidade de Vigo. Matiza que hai situacións nas que non vale a vontade política.

Intervén D<sup>a</sup>. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, alegando que non está de acordo con que existen argumentos xurídicos e non entende porque non se lle contestou á segunda solicitude de acceso á información, recordando que é un expediente informativo que está concluído, xa que se lle trasladou á información pública a conclusión do mesmo. Entende que todo isto ven derivado do problema da Policía Local e que se están sacando a Oferta de Emprego Público prazas que hai que sacar e consignar e polo tanto ten que haber un informe de intervención antes ou despois, preguntando como se vai aprobar se despois non vai a haber cartos. Entende que unha cousa é creación dunha praza e outra é sacala xa que para poder sacala ten que haber cartos e pregúntase porque por exemplo non se saca outra praza de oficial. Remata reiterando que queren ver o que conclúe ese expediente.



## Concello de Viveiro

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aclarando que por parte do equipo de goberno preguntóuselle á empresa de protección de datos do Concello se era posible o acceso a esa información e a resposta foi negativa e de aí vendada a decisión que toma o equipo de goberno. Indica que o que se está formulando corresponde á xerarquía e á normativa que hai que respectar, informando que non se poden ter dúas prazas de oficial senón que hai que respectar a xerarquía e hai que ir por orde, policía, oficial, inspector e inspector xefe, polo que o que se pretende é cumprir coa normativa. Entende que se está indo un paso máis adiante que o que se está a debater neste pleno, xa que para pagala terá que ir primeiro na plantilla e no anexo de persoal dos orzamentos, sendo un trámite posterior. Reprocha que se leva pedindo reiteradamente unha solución para o problema da Policía Local e hoxe que se trae unha posible solución, dise que sae cara e preguntase que sae máis caro non ter policía local ou tela xerarquizada con respecto á norma. Remata reiterando que primeiro se piden solucións, agora tráense solución con informes técnicos e non se aproban. Alude á reflexión e á responsabilidade que teñen no seu cargo.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, considerando moi forte o que di a concelleira de que modifican a RPT para solucionar un problema puntual, o cal o equipo de goberno sabe que existe dende hai tempo, polo tanto entende que se modifica a RPT para solucionar un problema momentáneo dunha plantilla que dentro duns anos non será a mesma e podería non existir o problema e hoxe fórmulase modificar a RPT para un problema puntual que supón mais cartos para o Concello. Aclara que o seu grupo de goberno non di que esta non sexa a solución para o problema da Policía Local pero o que si que aclara e que sen información non poden saber se é a solución ou non. Sinala que discrepa con respecto a que non é preceptivo o informe de intervención para a modificación da RPT, considerando que pode ser non vinculante pero si preceptivo, xa que afecta economicamente ao concello. Reitera que deben ter toda a información para emitir o voto no Pleno e pon o exemplo dos portavoces da Comisión de Secretos do Estado que teñen dereito a toda a información e non deben de contala e considera que neste caso eles están na mesma situación. Reitera a solicitude de información para poder emitir un voto con responsabilidade.

Intervén a Sra. Alcaldesa aclarándolle á voceira do Grupo do PP que non se lle contestou á segunda solicitude xa que se lle informou na comisión pero indica que se lle contestará por escrito. Engade que se lle fixo consulta por dúas veces á empresa de protección de datos para saber se se podía dar acceso ao expediente informativo e nas dúas ocasións a resposta foi negativa e entende que se os grupos da oposición estivesen no goberno farían o mesmo. Reitera que se están a mesturar dous procedementos distintos. Recorda que o expediente da Policía Local non está concluído e por outro lado indica que a modificación da RPT estase traendo a pleno informada tanto por un informe do responsable de persoal como por un informe xurídico da secretaria, estando tamén consultado coa Dirección Xeral de Emerxencias de Galicia e coa Universidade de Vigo, que elaborou no seu momento a RPT. Informa que as prazas de Oficial xa están na RPT e agora hai que sacar a de inspector e créase outra para as labores da xefatura, resaltando que todos os sindicatos votaron a favor da proposta incluído o que representa a gran parte da plantilla da Policía Local que é o CSIF.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, pasando a ler o artigo 77 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local na que alude ao dereito dos membros das corporacións locais a ter o acceso a toda a información dos antecedentes, datos e documentación en poder dos servizos para o desenrolo das súas funcións.

Intervén a Sra. Alcaldesa reiterando que neste punto o que se vota é a modificación da RPT e teñen no expediente todos os informes e documentación necesarios para a votación, aclarando que o que están solicitando é un expediente distinto. Reitera que están mesturando os expedientes, e indica que cando se poida dar a información do expediente da Policía Local vaise dar. Informa que tampouco ningún concelleiro do equipo de goberno, agás a Alcaldía, viu o informe xa que está baixo información reservada.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando rexeitada a proposta de modificación



## Concello de Viveiro

puntual da RPT, con 8 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE e BNG e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo do Partido Popular e Por Viveiro.

### 2ª PARTE: PARTE DECLARATIVA

#### 2ª PARTE: PARTE DECLARATIVA

#### 1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE VIVEIRO RELATIVA Á SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DE GALIZA E Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN.

Vista a moción presentada polo grupo municipal do BNG que se transcribe a continuación:

*“Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación que podemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínte aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.*

*As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden entendelo, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Así, o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego.*

*Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas. O futuro do galego depende da nosa vontade colectiva como galegos e galegas.*

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes*

#### ACORDOS:

- 1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.*
- 2. O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de “lingua propia de Galiza” (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), e Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).*
- 3. O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.*
- 4. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.”*

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:



## Concello de Viveiro

---

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dando lectura á moción e engadindo que en setembro de 2024 o Consello de Europa acordou eliminar a restrición do uso de galego e o 13 de decembro de 2024 a Real Academia Galega responsabilizou ao goberno autonómico de levar o galego ao colapso porque o uso do galego entre nenos e nenas baixou.

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, entendendo que non hai conflito lingüístico en Galicia. Indica que todos os galegos levan unha convivencia harmónica, con un bilingüismo cordial baseado na convivencia nos dous idiomas e na liberdade para que cada un poida empregar a lingua que desexe e o BNG parece que non o entende. Enténdese a lingua como unha riqueza cultural e por iso a defenden, indicando que nos últimos 10 anos acadouse o maior índice de comprensión do galego e o IGE informa que o 52% da poboación fala máis galego que castelán. Por outro lado apunta que están as fontes normativas, como o Estatuto Autonómico, que establece que son idiomas oficiais de Galicia o galego e o castelán e a Lei de Administración Local de Galicia establece que os actos das corporacións locais redactaranse en lingua galega sen prexuízo de que tamén se redacten en castelán. Tamén o ROF di que poden usarse nos debates calquera das dúas linguas indistintamente. Engade que é difícil de entender que se presente esta moción no pleno dando a entender que priorizan o sectarismo aos intereses de Viveiro.

Intervén D<sup>a</sup>. Lara Fernández Fernández-Noriega, en representación do Grupo Municipal do PSOE, informando que están a favor da moción xa que entenden que todo o que sexa defender o galego terá o seu apoio. Considera que o galego é de todos, sen cores e sen partidos e non se debe de facer política coa lingua. Propón, se o BNG está de acordo, engadir aos acordos da moción instar a Xunta de Galicia para facer a mesma revisión e aportar recursos económicos aos concellos para desenvolver actividades que poidan implementar o uso do galego nas actividades e servizos. Indica que a lingua é merecedora dunha concellería única para ela tanto nos concellos como na Xunta. Engade que da Xunta xa pouco se pode esperar xa que se non coida a saúde pública pouco vai coidar a lingua.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, informando que van a votar a favor da moción.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aclarando que segundo a Real Academia do Galego o 32,4% dos nenos e nenas entre 5 e 14 anos poden entender o galego pero non expresalo. Engade que hai unha ruptura coas familia xa que hai moitos casos nos que os nenos son galego falantes e chegan á escola e pasan a falar o castelán. Enumera que hai ata 6 artigos da Real Academia Galega sobre esta cuestión, que conta co coñecemento e o criterios suficientes no tema, considerándoo suficiente para avalar esta moción, que ten en conta uns requirimentos por parte do Consello de Europa en 2024 recomendando quitar as restricións do galego no ensino, polo que entende que de sectarismo hai pouco. Aclara que na moción non se pretende que todos falen galego, cada un pode ser libre e decidir o idioma no que fala pero o problema é que as xeracións futuras non coñecen o galego. Remata comunicando que están de acordo coa engádegas de Lara Fernández.

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntando se a nivel municipal non hai asuntos de vital importancia para os veciños que si competen como corporación e que non se traen ao Pleno. Recorda que no último pleno a representante do BNG dixo que o PP perdía o Norte no que presentaba ao pleno pero entende que quen ten poucas ideas é o BNG debido a que nos dous últimos plenos trouxo dúas mocións xenéricas redactadas en Santiago e que non afectan aos intereses de Viveiro, polo que considera que primeiro pensan no BNG, segundo no BNG e terceiro no BNG, solicitándolles aos concelleiros do BNG que traballen por Viveiro. Aclara que do PSOE moito non esperan pero do BNG esperaban mais.

Intervén D<sup>a</sup>. Lara Fernández Fernández-Noriega, en representación do Grupo Municipal do PSOE,



## Concello de Viveiro

indicando que os que traballan con nenos saben que as estatísticas que aquí se expuxeron por parte do PP faltan á verdade. Entende que espolar ao público é o que fai a Xunta, polo que non van facer menos co idioma. Recorda que como se dixo aquí por parte do concelleiro do PP, parece que o idioma non é importante. Reprocha que á Xunta o patrimonio inmaterial non lle importa porque non deixa cartos.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aludindo a que o BNG non trae mais mocións ao Pleno xa que o resto dos asuntos xa se xestionan no día a día. Entende que o PP queda reflexado se non cree que o galego non é un asunto primordial tamén a nivel local.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a moción, con 10 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE, BNG e Por Viveiro, 7 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo Partido Popular, co seguinte contido:

**Primeiro.-** Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.

**Segundo.-** O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de “lingua propia de Galiza” (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), e Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).

**Terceiro.-** O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.

**Cuarto.-** Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.

**Quinto.-** Instar a Xunta de Galicia para facer a mesma revisión e aportar recursos económicos aos concellos para desenvolver actividades que poidan implementar o uso do galego nas actividades e servizos

## 2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA AO IMPULSO DO PXOM.

Vista a moción presentada polo grupo municipal do PP que se transcribe a continuación:

*“El Plan General de Ordenación Municipal es un documento estratégico de ordenación urbanística municipal y de organización integral del territorio. Es el instrumento jurídico en el que se recogen todas las medidas para diseñar, organizar, planificar y ordenar el territorio. Es decir, se emplea como base legal para la edificación y urbanización del municipio, establece las normas y directrices necesarias en la regulación del uso del suelo, las edificaciones y la gestión de recursos y equipamientos públicos en el municipio y tiene repercusiones económicas directas en el desarrollo del municipio.*

*Desde el año 2006, con la publicación del DECRETO 102/2006, de 22 de junio, por el que se suspende la vigencia de las normas subsidiarias de planeamiento municipal de Viveiro y se aprueba la ordenación urbanística provisional hasta la entrada en vigor del nuevo planeamiento, el Ayuntamiento de Viveiro no dispone de planeamiento general adaptado a la normativa vigente. Esta normativa, por su carácter transitorio,*





## Concello de Viveiro

---

es genérica y demasiado restrictiva por lo que no responde a los problemas y necesidades de nuestro ayuntamiento, coartando así su desarrollo económico y sostenible en materia de ordenación del territorio, del litoral y la defensa y protección del medio rural en Galicia, especialmente relevante en el caso de Viveiro, dado que se trata de un municipio que encierra singulares valores paisajísticos, ambientales, ecológicos y culturales que demandan una singular protección y preservación que deben resultar compatibles con un modelo de futuro que nos permita progresar.

El 14 de Abril del 2011 el Pleno del Ayuntamiento de Viveiro se acordó aprobar inicialmente el PGOM presentado por OTEA Plans e proxectos, S.L.P. , y someter al tramite de consultas el informe de sostenibilidad ambiental y a información pública el expediente por el plazo de 2 meses, así como dar audiencia a los ayuntamientos limítrofes.

Se acordó así mismo, requerir de las diferentes administraciones públicas los informes sectoriales preceptivos y la suspensión de las licencias en los ámbitos afectados por las variaciones del PGOM por el plazo máximo de 2 años hasta la aprobación definitiva del plan.

Desde entonces han sido muchos los anuncios de la alcaldía sobre la inmediata aprobación provisional del documento más relevante, necesario y esperado por los y las vivarienses, pero desgraciadamente 14 años después de la aprobación inicial, y 22 años de gobiernos de izquierdas en el Ayuntamiento de Viveiro, seguimos sin PGOM.

En esta legislatura hemos mantenido 4 juntas de portavoces para informar sobre la tramitación del documento y las modificaciones sustanciales o no sustanciales que pudiese haber sufrido como consecuencia del largo espacio de tiempo transcurrido.

En la reunión mantenida el 31/01/2023, hace un año, donde se nos proporcionó un documento elaborado por la Directora del Servicio de Urbanismo, además de hacer un resumen muy exhaustivo de la tramitación llevada a cabo hasta ese momento con todos los informes sectoriales solicitados, emitidos, ya enmendados y los pendientes de emitir, establecía con respecto a los tramites pendientes en el procedimientos de aprobación provisional del PGOM los siguientes puntos:

1. Notificación a los titulares catastrales de parcelas incorporadas en ámbitos de actuación
2. Contestación a las alegaciones presentadas en tramite de exposición pública
3. Revisión y actualización de documentos de memoria y normativa urbanística atendiendo a las modificaciones del procedimiento administrativo común, actividades, etc
4. Dos líneas de tramitación en caso de una vez obtenidos todos los informes sectoriales y corregidas las deficiencias del documento, los cambios introducidos en el documento desde la aprobación inicial supongan o no una modificación sustancial.

Un año después de la emisión de este informe, no nos consta que se haya realizado, por parte del Ayuntamiento ninguno de los puntos indicados en el Informe de la Directora del Servicio de Urbanismo para avanzar en la tramitación del PGOM hacia su aprobación provisional y dado que uno de los puntos que mas condiciona los plazos en la tramitación es la determinación de si las modificaciones introducidas en el documento son o no sustanciales y que en todo caso y con carácter previo a la aprobación provisional por el Pleno es precisa la emisión de los siguientes informes:

Informe técnico del Servicio de Urbanismo  
Informe jurídico del Servicio de Urbanismo  
Informe de la Secretaria Municipal

Informe de Intervención.

Instamos al gobierno municipal a:





## Concello de Viveiro

*.- Elaborar en el plazo de un mes los informes técnicos, jurídicos y económicos necesarios para determinar la situación real del PGOM de Viveiro.*

*.- Dar cuenta al pleno de los informes de las diferentes administraciones pendientes así como de los trámites y acciones que restan para lograr la aprobación provisional del PGOM."*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal "gestiona" que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D<sup>a</sup>. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura da moción.

Intervén a Sra. Alcaldesa, indicando que con motivo da presentación da moción e tendo en conta que neste intre esta vacante e praza de Tco. Xurídico de Urbanismo dende novembro e estase á espera da cobertura mediante comisión de servizos dado que había lista para a provisión pero a nova interventora considerou procedente a realización de nova convocatoria por comisión de servizos, estando previsto cubrirse a finais deste mes, dende alcaldía contactouse co equipo redactor ao respecto das cuestións plantexadas nesta moción. Indica que por parte do equipo redactor estanse realizando as modificacións pertinentes con base nos últimos informes sectoriais. Informa que sobre a proposta de acordo na que se pide que se elaboren os informes no prazo dun mes compre indicar que estes informes corresponde emitilos unha vez se atope completo o expediente, recordando que aínda faltan informes previos para poder analizar o contido total do plan e a maiores non hai técnico xurídico. Segue a súa intervención comentando que, respecto ao punto dous da moción, faltan informes do Instituto de Estudos do Territorio, de Telecomunicacións ou da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal e a memoria ambiental por parte da Consellería de Medio Ambiente. Sinala que unha vez tida toda a tramitación cumprimentada emitiranse os informes para a aprobación provisional polo Pleno. Recorda que houbo unha reunión xusto antes de marchar a técnico xurídica de urbanismo e outra logo co equipo redactor. Entende que carece de sentido pedir os trámites fora do seu tempo xa que o que procede neste momento é seguir co procedemento e obter os informes sectoriais. Informa que haberá unha nova xuntanza cando se conte con novidades e resalta unha circunstancia que afecta neste momento á tramitación do PXOM como é a vacante da praza de técnico xurídico de urbanismo.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comentando con respecto ao primeiro punto do acordo, que non entende que é o que se somete a votación xa que os tempos de emisión non os marca o PP senón o procedemento e o procedemento non esta finalizado a día de hoxe e polo tanto non se pode informar. Con respecto aos informes técnicos engade que acaba de explicarse que a praza de Tco Xurídico de Urbanismo esta en proceso de cobertura, feitos que saben, polo que parece que o que se quere é plantexar esa idea de que é posible a día de hoxe obter informes. O obxectivo non é avanzar co PXOM senón que é forzar o voto en contra do equipo de gobernos para querer facer ver que non hai interese no PXOM. Alude á responsabilidade da oposición que teñen toda a información e propoñen xestións irrealizables. Reitera que hai un compromiso do goberno para que Viveiro conte canto antes co PXOM elaborado con un planeamento de rigor e á altura do Concello.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, recordando que houbo informes dos cales se enteraron catro meses despois da súa chegada ao concello. Recorda que Por Viveiro xa trouxo moitas veces este debate e considera que non se ten constancia por parte do equipo de goberno da importancia que ten ese documento. Argumenta que todo o pobo di que o resto dos concellos próximos medran menos Viveiro pero recorda que Ribadeo ten un PXOM que establece solo uso industrial e comercial ao lado do centro histórico con miles de metros cadrados para construír, e Burela de Foz tamén teñen PXOM. A parálise urbanística provoca que non veña ninguén se non hai PXOM, e esta situación na que levamos dende 2006 provoca o frenazo de Viveiro. Entende que o crecemento é nulo, e a corto prazo é cero. Informa que en Viveiro a inversión



## Concello de Viveiro

está parada e ninguén vai vir, xa que non hai espazo suficiente para as grandes cadeas e tan só poden construírse vivendas unifamiliares. Apunta que ao final se cae no pesimismo total e absoluto. Recorda que el hai 5 anos atreveuse a dicir que en 2 anos se podería aprobar, sendo moi ousado pensando que había disposición para facer a tramitación con celeridade. Reprocha que se chega unha documentación e se tarda 4 meses en contestar non se axiliza e reitera que non se é consciente do dano real que se lle fai a Viveiro. Recorda que a Xunta paralizou a tramitación varias veces pero agora a pelota tena o Concello para seguir coa tramitación. Alude a que se debería saber se os técnicos van dicir se hai modificacións substanciais no PXOM, xa que se as hai ao mellor son outros tres ou catro anos de trámites e polo tanto entende que ou se apura e se chama á empresa todos os días e se está encima do PXOM ou non vai vir ninguén a invertir xa que non hai seguridade xurídica. Informa que están a favor e entende que se poden facer informes previos provisionais para saber cal vai ser o sentido deses informes. Considera que se se van elaborando eses informes previos logo non haberá que esperar dous ou tres meses para a redacción dos mesmos.

Intervén a Sra. Alcadesa informando que están de acordo coa necesidade do PXOM e son conscientes da importancia da súa necesidade. Recorda que o que se está a debater é unha moción que solicita que se informe polos técnicos e o procedemento establece que ten que estar o expediente completo para emitir os informes e polo tanto non se pode levar a cabo. Engade que se está pendiente do equipo redactor, co que se tiveron varias reunións. Indica que o informe do Instituto de Estudos do Territorio é relevante. Non poden emitirse informes sen que o expediente se atope completo. Considera que a oposición non ten ningún tipo de responsabilidade pero a redacción de eses informes que solicitan non axiliza os tramites, oxalá o fixese pero non é así. O equipo de goberno ten a responsabilidade de axilizalo e de estar encima, pero non poden aprobar algo que non é viable xuridicamente. Reitera que están de acordo co que se di de que o PXOM é moi necesario pero votar a favor dos acordos da moción non ten sentido, xa que non se poden levar a cabo.

Intervén D<sup>a</sup>. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, recordando que na última reunión que se tivo, tiñan o gran debate de se se estaba a facer ben ou se había modificacións substanciais e había que retrotraer o procedemento e falouse de facer eses informes provisionais para poñer en situación de se no contexto que temos neste intre era substancialmente viable manter a tramitación ou non, posto que non é moi lóxico estar perdendo o tempo. Indica que os puntos que aparecen na moción son os puntos que constan no informe da técnico de urbanismo e que se deberían ter tramitado dende o Concello dende o ano 2011. Pasa a ler os puntos textualmente, nos que di que se debería notificar aos titulares catastrais das parcelas incorporadas e pregunta se se fixo esa notificación. Outro punto di que deberán contestarse ás alegacións e pregunta se se contestou ás alegacións, sendo todo iso competencia do Concello. Alude a que a técnica de urbanismo foise en novembro pero estes tramites deberíanse facer dende 2011. Entende que o Concello está a mentir aos cidadáns e botándolle a culpa aos demais. Informa que xa chegou o informe do Instituto de Estudos do Territorio no que se di que fagan correccións e pregunta se xa se enviaron esas correccións. Recorda que na primeira reunión que tiveron do PXOM en xaneiro quedou constancia de que daba a casualidade que todos os informes que se enviaron a todas as conselleiras remitíronse o mesmo día da reunión. Entende que se está a mentir aos cidadáns e o primeiro que non está facendo os deberes é o Concello polo tanto solicita que fagan o que teñan que facer e que se adianten aos acontecementos.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comentando que despois de oír a intervención do voceiro de Por Viveiro proponlle que entre a formar parte do goberno e que saque o PXOM adiante.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, respóndelle que esa proposta non está na orde do día e entón non poden entrar a valorala nese intre. Segue a súa intervención comentando que agora mesmo contestar ás alegacións non ten sentido dado que é mellor esperar aos informes pero as notificacións si que xa se poden facer. Entende que se os técnicos teñen o informe previo feito, iso vai axilizar, entendendo que non é un informe definitivo senón que é un informe xeral e previo para indicar se se van a considerar substanciais as



## Concello de Viveiro

modificacións e polo tanto se debe volver á aprobación inicial ou non. Invita a que se axilicen todos os trámites que se poida e entende que se non hai técnico xurídico ese informe non se poderá facer, pero o resto si.

Intervén a Sra. Alcaldesa aclarando que non se minte a ninguén. Recorda que neste expediente houbo moita parálise por parte da Xunta, de anos, sen contestar e polo tanto todos poden entoar o mea culpa. Reitera que non poden votar a favor da moción cando os técnicos din que o informe final non se pode emitir ata ter todos dos informes sectoriais. Indica que están a favor de seguir coa tramitación do PXOM pero non se pode aprobar a moción porque non é posible e debe seguirse a tramitación. Con respecto á Consellería de Medio Ambiente afirma que fixeron unhas modificacións, que se estudaron unha a unha, e leva o seu tempo corrixir eses informes xa que son informes densos e leva o seu tempo corrixilos a calquera administración, e polo tanto as veces non se pode contestar dun día para outro. Informa que van votar en contra por responsabilidade aínda que entende que vai saír adiante a moción pero non se vai poder levar a cabo ata que todo o expediente estea finalizado, aínda que di que de todos modos se valorará noutra comisión cos técnicos.

Intervén D<sup>a</sup>. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, comentando que, segundo o informe da técnico xurídico, a día de hoxe quedan tamén pendentes os informes do Ministerio de Transporte que o anterior foi negativo, o informe de Telecomunicacións e o do Ministerio de Asuntos Económicos, que os anteriores tamén foron negativos, polo tanto invita a que se vaian facendo as notificacións e di que se pode botar a culpa a quen se queira, pero os únicos prexudicados son os veciños de Viveiro e o desenvolvemento económico do Concello.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a moción, con 9 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PP e Por Viveiro e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo do PSOE e BNG, co seguinte contido:

**PRIMEIRO.-** Elaborar no prazo dun mes os informes técnicos, xurídicos e económicos necesarios para determinar a situación real do PXOM de Viveiro.

**SEGUNDO.-** Dar conta ao pleno dos informes das diferentes administracións pendentes así como dos trámites e accións que restan para lograr a aprobación provisional do PXOM.

### **3ª PARTE: PARTE DE CONTROL**

#### **1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno listado das referidas resolucións.

#### **2.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 06/01/2025 (Nº DE REXISTRO 2025-E-RE-26).**

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

*“En abril do ano 2023 o concello de Viveiro anunciou a bombo e platillo un plan de humanización do porto de Celeiro, cunha obra que se levaría a cabo mediante convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro.*



## Concello de Viveiro

*A finais do ano 2023 se iniciou a licitación da obra, quedando deserta nunha primeira licitación e adjudicase en segunda rolda por un estreito marxe.*

*O pasado mes de Xulio pouco antes da semana de festas de Celeiro, iniciouse a obra de reforma integral da rúa Porto de Celeiro, obra cun orzamento de 680.704,78.-euros, o remate previsto desta obra era finais de 2024.*

*A principios de decembro de 2024, ca obra a medias, a empresa adjudicataria paralizou a obra e retirou a maquinaria, co conseguinte enfado dos veciños xa que os accesos as súas casas están levantados, temos que pensar que moitos dos residentes deste barrio son de avanzada idade.*

### ROGO

*Se informe en pleno dos motivos de paralización desta obra, cumprimentos ou desviacións co orzamento de licitación da obra, que iniciativas ten pensado o grupo de goberno para rematar os traballos i cal é o novo prazo de entrega desta actuación."*

Intervén a Sra Alcaldesa informando que a obra esta en prazo de execución ata o 23 de febreiro segundo a última prórroga. Alega que durante o prazo de execución as obras transcorrían ben e houbo unha solicitude por parte da empresa dunha modificación contractual con respecto ás partidas de pavimento e beirarrúas, instando a unha paralización da obra mentres tanto. Di que nun principio para a valoración da mesma non estimaron o uso de maquinaria e polas características da pedra tense que facer doutro xeito aumentando o custo. Suspendeuse a obra o 27 de decembro de 2024 con unha suspensión provisional e parcial da execución da obra, desa parte unicamente, afectando só a esas partidas, podendo continuar co resto da obra que neste intre recalca que está en prazo. Sobre a modificación indica que se está valorando por parte dos técnicos, precisando informes externos. Entende as molestias, e comenta que os traballadores comentaron aos veciños que se ían porque non se pagaba por parte do concello e informa que iso era mentira. Engade que todas as certificacións estaban feitas e pagadas, sendo certo que deixaron a obra parada sen as medidas oportunas. Di que se lle comunicou á empresa que se deixe accesibilidade en tanto se puidese, recoñecendo que ocasiona prexuízos e remata reiterando que a execución está en prazo e esperan solucionalo o antes posible.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntando se o prazo do 23 de febreiro segue en pé e se é un prazo realista e considera que a licitación da obra ía con todos os custos e como se encargas unha cuberta e logo a empresa di que non contaba poñer un andamio.

Intervén a Sra Alcaldesa reiterando que o prazo é o previsto, o 23 de febreiro, que o conflito está no pavimento e que neste intre se está estudando o que están solicitando.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntando se está cuantificado o que solicitan e tamén pregunta e hai unha proposta económica e se non é un problema de cartos.

Intervén a Sra Alcaldesa comentando que a lei prevé un marxe de modificación e estanse valorando as posibles modificacións.

### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 12/01/2025 (Nº DE REXISTRO 2025-E-RE-113).**

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

*"El derecho a la accesibilidad universal es un principio básico para garantizar la igualdad de oportunidades, la autonomía, la movilidad y la participación plena de las personas con discapacidad en todos los aspectos de la vida.*

*En junio de 2024, la teniente alcaldesa afirmaba en la prensa "estar trabajando en estudios importantes como os de Accesibilidade e Mobilidade".*



## Concello de Viveiro

*A poucos meses de encarar la mitad de la legislatura se desconoce en qué punto está el Plan de Accesibilidad para Viveiro, y si este Plan está realmente dentro de la lista de prioridades del gobierno municipal.*

*Ante la falta de información y la carencia de planificación del equipo de gobierno al respecto, y teniendo en cuenta la importancia de este asunto, **ROGAMOS**:*

*Que el gobierno municipal informe de los trámites realizados para la redacción de un Plan de Accesibilidad adecuado a la situación actual del Concello de Viveiro, y que se explique si se va a llevar a cabo alguna medida con el objetivo de encontrar una solución a las carencias existentes en esta materia.”*

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldesa, informando que no programa díxose que ía ser unha prioridade a accesibilidade e informouse cando se iniciou e entende que é obvio que é unha prioridade. Solicita respecto a raíz do que din de “carencia de planificación” e aproveita para convidar aos veciños e veciñas e a todos os voceiros para a presentación do mesmo para o xoves 23 as 19 horas na sala multiusos.

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, apreciando que non hai prioridade debido ás deficiencias en accesibilidade que hai no Concello, en xeral as beirarrúas son estreitas, con rampas inadaptadas e con un pavimento en estado pésimo, sen estar ben sinalizadas as prazas de aparcadoiro para coches de discapacitados, sen falar do mal uso que se fai destas prazas debido á problemática da Policía Local. Reclama que se deixen de anuncios vacíos e concreten.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldesa, alegando que pola importancia e a relevancia deste asunto fíxose este plan e determinárase un itinerario e a ese itinerario destinaranse as primeiras obras. Indica que primeiro hai que facer unha diagnose e despois actuar en consecuencia en orde.

### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 12/01/2025 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-112).**

Intervén D. Vicente Vázquez Chao, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

*“No lugar da Carballa na parroquia de San Xoán de Covas, no foro, os veciños e as veciñas protestan polo estado do vial con número de activo 1C.1.0729 , de competencia municipal . Qué ten pensado facer este goberno para reparar as fochancas e o mal estado desta pista.·*

Intervén D. Ramón Martínez Castro, concelleiro de Medio Rural, informando que teñen en consideración o rogo e cando dispoñan dos medios necesarios acometeranse as obras.

### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 10/01/2025 (Nº DE REXISTRO 2025-E-RC-63).**

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

*“O parque infantil da Praza Jacinto Calvo, parte posterior da igrexa de San Francisco, leva un tempo baixo mínimos con parte do equipamento fora de servizo ou literalmente desaparecido, como se pode ver na imaxe que se xunta. Feitos que dificultan e minimizan as posibilidades de uso e disfrute deste parque infantil.*

*Por todo o exposto, rogamus ao equipo de Goberno a realización das xestións necesarias para o arranxo das devanditas deficiencias do parque infantil da Praza Jacinto Calvo.”*

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldesa, informando que para as obras dese parque infantil hai un Convenio con Vicepresidencia da Deputación xa programado. Estase agardando pola empresa que vai a facer a actuación desta obra e tamén da continuación da obra do parque da Atalaia e actuacións no parque de Mahía, no que indica que vai moita rapazada a facer botellón en horario nocturno e sofre moito deterioro extraordinario. Engade que tamén se van facer uns arranxos nun cumpio en Parquemar.





## Concello de Viveiro

---

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, preguntando a previsión da data do arranxo.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldesa, informando que falou fai pouco coa empresa e nesta semana non prevén comenzo, esperando que na seguinte. Indica que segue insistindo.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, solicitando a contestación do rogo oral presentado no anterior pleno referente a San Roque no que a Concelleira de Obras dixo que se estudaría.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldesa, respondendo que está contestado no anterior pleno no que se dixo que se tería en conta, aclarando que non se fixo alusión a que se miraría para volver a contestar.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:04 horas do día 15 de xaneiro de 2025, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

